

(Instrución 4/2022)

Prazo de matrícula libre curso 2022-2023

- O **prazo de inscrición** nas probas de certificación para o alumnado libre será **do 2 ao 18 de novembro** de 2022, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 18 de novembro.
- **Niveis A2, B1, B2 e C1:** crear na aplicación unha solicitude e preinscrición por nivel e idioma. Coa **preinscrición aínda non deberá aboar as taxas**. A aplicación asignaralle un número por cada solicitude e deberá consultar na aplicación a partir do **23 de novembro** onde lle foi asignada unha praza para realizar a proba libre.
- **Prazo de entrega de documentación:** do **23 ao 30 de novembro** ás 14:00h, na aplicación web.

A matrícula non terá validez ata que se presente a documentación correspondente.

Todos os trámites faranse en
<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>

DOCUMENTACIÓN

A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, a través a aplicación web, na escola onde foi admitido. Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar a seguinte documentación:

- O impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula, onde se indique(n) o(s) idioma(s) e o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
- O resgado do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño. **O pagamento non poderá ser fraccionado.**

Consulte na nosa web o documento pagamento de taxas.

- Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2023, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do [anexo I](#).
- Alumnado con necesidades especiais que precise adaptación de probas debe presentar os [Anexos II](#) e [Anexo III](#) debidamente cubertos.

**A documentación presentarse dende
a ligazón**

<https://www.eoidigital.com/eoixuntalibre>

ACCESO ÁS PROBAS

Alumnado libre:

- Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2023.
- Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2023.
- O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das probas de certificación, previo pagamento dos prezos públicos correspondentes, sen que sexa requisito obter o certificado do nivel ou niveis anterior(es).
- O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2022/23, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno/ a libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS LIBRES

- As probas libres celebraranse en **febreiro 2023** na EOI Monforte (r/ Calvo Sotelo 65). **Non se celebrarán na sección de Chantada.**
- Os niveis **A2 e B1** administraranse en alemán, francés, inglés e italiano.
Datas: pendentes de publicación.
- Os **niveis B2 e C1** só se administrarán en **inglés** na EOI Monforte.
[Consulta aquí as datas](#)

As datas e horas das probas orais serán fixadas pola EOI Monforte e publicadas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.